




Fogares Verdes

Programa de aforro
energético e de auga

adega



Fogares Verdes

Equipo educativo: María Xosé Castro Fernández, Isabel Fernández e Ramsés Pérez,

Maquetación: Virginia Rodríguez

Deseños: Federico Fernández

Adega

Travesa de Basquiños, 9 baixo

15704 Santiago de Compostela

www.adega.info

www.educacionambientaladega.info

Preguntas frecuentes:

¿Que é Fogares verdes?

¿Porqué aforrar enerxía e auga?

¿Qué esperamos acadar con Fogares Verdes?

¿Como se logra o aforro?

¿É posible?... Resultados Fogares verdes 2008

¿Funciona?

¿Actuamos?





¿Que é Fogares verdes?

Fogares verdes é un programa de educación ambiental que ten como finalidade a promoción do aforro de auga e enerxía no fogar. Plantéxase como un programa de participación socio-ambiental que pretende incorporar accións sinxelas e mudar hábitos para poder reducir o consumo de recursos naturais no fogar.

O programa forma parte dunha rede estatal chamada “Hogares verdes”, formada por diversas entidades que están desenvolvendo accións no mesmo senso en diferentes lugares do Estado. A posta en marcha desta iniciativa partiu do Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM).

ADEGA, na súa labor no eido da educación ambiental en Galiza considera importante abranguer todos os ámbitos posibles da sociedade. Deste xeito aposta polo traballo educativo máis aló do ámbito educativo e considera moi positivo comezar a creación dunha rede de *Fogares verdes* en Galiza, tomando os principios de “Hogares verdes” e adaptándoos ás particularidades propias

do noso país. Os primeiros pasos para a creación da rede galega de *Fogares verdes* tomou como base outra rede, aquela que xurdiu do programa de Compostaxe caseira, que na actualidade conta con 1.500 fogares. Deste xeito coa posta en marcha do programa **Fogares verdes** deuse continuidade a unha rede xa existente. Esta posibilidade xa se apuntaba nas últimas fases do programa de Compostaxe doméstica, pois a totalidade dos fogares enquisados mostraban a súa dispoñibilidade para participar en novas iniciativas.

Fogares verdes está dirixido a todo tipo de fogares e clases de núcleos familiares. Aspira a ser unha ferramenta fundamental de asesoramento e acompañamento para todas e todos aqueles cidadáns con disposición cara o uso respetuoso e eficiente dos recursos naturais.



¿Porqué aforrar enerxía e auga?

A aparente garantía dos servizos que disfrutamos hoxe en día fainos esquecer moitas veces a orixe dos recursos que empregamos diariamente e que cubren as nosas necesidades de transporte, comida, aseo, ocio, etc.

Unha pequena reflexión será suficiente para percatarnos de que tan só unha parte do planeta disfruta dos privilexios da auga corrente e da electricidade. Nembargantes é o conxunto do planeta quen está a padecer as consecuencias da ansiosa explotación de recursos primarios. Estámonos a referir ao cambio climático, a desertización, a contaminación do mar e dos ríos, a chuvia ácida, as guerras polo petróleo, etc.

Sabemos que mudando simplemente hábitos do noso día a día podemos contribuir a reducir considerablemente as emisións de CO₂ á atmosfera, a dependencia da enerxía fósil, os custos ecolóxicos da extracción da enerxía e do uso da auga e tamén mermar en boa medida a nosa facturación anual de auga e luz.

Resulta revelador o que apuntan recentes estudos sociolóxicos (CIS: 2007) onde se indica que a sensibilidade e preocupación por temas ambientais vai en aumento entre a poboación española. Nembargantes, a realidade dinos que esa preocupación non se está a traducir en comportamentos máis responsables de cara ao medioambiente.

Así atopámonos con datos contradictorios como por exemplo, que un 88% dos enquisados opina que para reducir os efectos do quecemento global, deberíamos cambiar significativamente o noso estilo de vida, nembargantes os indicadores de consumo mostran que dende os anos noventa o consumo eléctrico dos fogares do estado foise incrementando nun 2,5% anual, moi por riba do crecemento poboacional. En Galiza o consumo da electricidade no sector doméstico respecto do total, alcanzou no 2006 un 20,9% (últimos datos publicados).


As emisións de dióxido de carbono procedentes do ámbito doméstico e do transporte individual tamén se incrementaron, e na actualidade xa supoñen a terceira parte das emisións totais de CO₂ do estado.

No tocante ao consumo de auga na nosa comunidade a evolución revela unha tendencia á alza no sector doméstico per cápita diario. No 2005, o consumo de auga por habitante e día foi un 17% maior que o consumo medio do período 1996-2005, e a suba experimentada no 2005 con respecto ao ano 1996 supón un incremento do 42% (*Xunta de Galicia 2008. Indicadores Ambientais de Galicia 2007*).


Todo isto pon de manifesto que existe un distanciamento entre os coñecementos e os comportamentos fronte á problemática ambiental que estamos vivindo. Un dos grandes retos plantexados en relación con esta contrariedade é tender pontes que faciliten que a crecente sensibilidade e preocupación por cuestións ambientais, se transforme en comportamentos máis conscientes e sostibles. É aquí onde ten cabida e é protagonista a educación ambiental, é onde aparece **Fogares verdes**, facilitando información, ferramentas e estra

dificultades prácticas e acadar melloras reais e palpables.

Asemade, o programa **Fogares Verdes** cumpre coas recomendacións incluídas na Estratexía galega de Educación Ambiental (Xunta de Galicia, 1999), segundo as cales se tratará de chegar a tódolos segmentos poboacionais e non centrarse exclusivamente en escolares. Neste eido **Fogares Verdes**, está enfocado ao sector doméstico, unha unidade moi olvidada polas políticas medioambientais, dirixidas a miúdo a outros ámbitos como a industria.



CO₂ CO₂ CO₂
CO₂ CO₂ CO₂
CO₂ CO₂ CO₂
CO₂ CO₂ CO₂



¿qué esperamos acadar co programa Fogares verdes?

Fogares verdes ten a vocación de servir como motivación e pulo para aqueles cidadáns con vontade de implicarse na mellora e coidado do medio natural que nos rodea. Deste xeito o obxectivo xeral do programa vai ser:

-Promover o cambio de hábitos de consumo de recursos no fogar a través da reflexión para que deriven en comportamentos máis ecolóxicos


E asemade os seguintes obxetivos específicos:

-Reducir o consumo de auga entre un 6 e un 10% *

-Minimizar as emisións de CO₂ atribuídas ao consumo eléctrico nos fogares nun 5,2%**

-Achegar métodos prácticos de aforro de auga e enerxía.

(*) (**) Os niveis de redución perseguidos son plantexados de maneira comunitaria entre todos os fogares participantes e non de xeito individual.





¿Como se logra o aforro?


O programa **Fogares verdes** plantéxase na súa esencia como un programa de acompañamento. Deste xeito, durante o desenvolvemento do mesmo realízanse visitas periódicas aos fogares participantes e charlas-talleres, nas que principalmente facilítase información e consellos sobre pautas de consumo e aforro en temas que atinxen á realidade cotidiana como son; a iluminación, a auga no baño e na cociña, a rega, a calefacción, a auga quente, etc.

Porén, o asesoramento non se limita aos encontros nos fogares senón que calquera dúbida que se plantexe ten resposta vía telefónica ou ben por correo electrónico.

O programa educativo de **Fogares verdes** comprende asemade outro tipo de actividades de reforzo didáctico. Deste xeito realízanse actividades paralelas que constitúen un espazo de reflexión e de participación para a cidadanía.

Co fin de facilitar e incentivar o aforro de enerxía e auga faise entrega dun equipo de aforro composto por diferentes dispositivos como poden ser; lámpadas de baixo consumo, reductores de caudal para a ducha, aireadores para as billas, regletas con botón de interrupción, etc.

Para os fogares partícipes desta experiencia, alén dun pequeno esforzo de meditación antes do consumo, ser un *Fogar verde* non supón ningún outro sacrificio, quizáis unha pequena inversión en melloras de instalacións do fogar e levar o control sobre a súa facturación, xa que o que se pretende e defende é manter e desfrutar do mesmo nivel de benestar a pesar de minguar o consumo eléctrico e de auga no fogar. Se cadra aínda este benestar vai en aumento ao sentir que estase a facer un uso máis xusto e respetuoso dun patrimonio común como son os recursos naturais.



¿É posible?... Resultados Fogares verdes 2008

En base aos obxetivos cuantificables de **Fogares verdes**, lembremos: aforro colectivo de auga e emisións de CO₂; entre un 6 e un 10% para a auga e nun 5,2% para

as emisións, os resultados obtidos no programa piloto de Compostela 2008 foron os seguintes:

auga

Entre os cincuenta fogares composteláns o aforro en metros cúbicos acadado respecto ao ano anterior foi de:

2007 (m3)	2008 (m3)	m3 aforrados	% de aforro
3005	2567	438	14,57 %

enerxía

Entre os cincuenta fogares composteláns o aforro de electricidade en Kilowatios hora acadado respecto ao ano anterior foi de:

2007 (kwh)	2008 (kwh)	Aforrado	% de aforro
94262	88233	6029	6,40 %

As **emisións de CO₂** (Kg) correspondentes aos Kwh consumidos de electricidade:

2007 (Kg CO₂)	2008 (Kg CO₂)	Aforrado (Kg CO₂)	% aforrado
32331,866 *	24528,774 **	7803,092	24,13 %
26204,836 **	24528,774 **	1676,062	6,40 %

Factor de conversión 2007: 0,343 kg CO₂/Kwh*

Factor de conversión 2008: 0,278 kg CO₂/Kwh**

****/** Fonte: Observatorio de la electricidad WWF Adena***

O aforro en emisións de CO₂ está sempre supeditado ao factor de conversión que resulta calculado anualmente en función da orixe da enerxía eléctrica consumida no estado. No 2008 o factor de conversión foi de 0,278 kg CO₂/Kwh namentras que no 2007 foi de 0,343 kg CO₂/Kwh. Isto tradúcese en que un Kwh do 2008 “aforrou máis emisións” de CO₂ que un kwh de 2007. Polo tanto, a aplicación fiel dos



correspondentes factores de conversión leva a un resultado que pula cara o aforro (24,13%). Doutra maneira se foran “xemelgos” os factores de conversión o resultado de aforro en porcentaxe sería inferior (6,40%).

De calquera xeito os resultados fannos concluir que o reto colectivo foi posible, é posible.




¿Funciona?

Son moitas as dificultades que aparecen á hora de levar un xeito de vida máis comedido e variadas as excusas que atopamos para non mudar as arraigadas costumes. Ante a cuestión plantexada aos exparticipantes de **Fogares verdes** sobor da maior dificultade á hora de aforrar, as respostas repartíronse deste xeito:



Ponse de manifesto que o maior atranco para o bo uso dos recursos naturais é abandonar eses hábitos instalados no noso día a día. **Fogares verdes** como programa de acompañamento fai fincapé no cambio paseniño, eses cambios que van quedando fixados como repouso. Á pregunta; *¿o programa fixolle mudar hábitos?* a resposta foi maioritariamente, *sen dúbida*, como se pode ver no gráfico da esquerda.

Unha valoración xeral da experiencia por parte dos cincuenta fogares composteláns participantes durante o 2008 achegan unha visión positiva sobre iniciativas educativas como estas.





¿Actuamos?

Temos nas nosas mans como cidadáns mitigar a propia pegada ecolóxica e achegarnos a un xeito de consumir os limitados recursos do planeta máis consciente e respetuoso. Poderán participar como *Fogares verdes* persoas xa “ecocomprometidas” ou persoas “despilfarradoras” por natureza, mais considéranse de igual importancia os dous puntos de partida. As primeiras porque necesitan reforzo da súa concienciación e son o motor do cambio que precisa a sociedade e as segundas porque é de todo necesario chegar ata eles e prantar a semente da reflexión e da toma de conciencia.

Non menos importante é o aforro económico de facturación que se consegue directamente derivado da merma do consumo de recursos no fogar.

Máis alá dos aforros conseguidos e da labor educativa ao longo do programa, o efecto de cambio na eficiencia prolóngase no tempo. Ou o que é o mesmo, créase unha inercia á hora do uso dos recursos naturais que ficará instalada na maioría dos participantes de *Fogares verdes*.

Tamén destacar que *Fogares verdes* serve como xerador de redes sociais dentro do concello. Unha rede de persoas dispostas a coidar do patrimonio común natural e de facer seu aquilo de “as conductas responsables benefician a todos/as”.

Asemade os concellos, como representantes da administración máis achegada á cidadanía, enfróntanse nos tempos presentes ante o reto de tomar parte e impulsar iniciativas de educación ambiental que cumpran aquilo tan aclamado de “pensa globalmente e actúa localmente”.

